



XXIX Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais

2025



Cos obxectivos de honrar a memoria de Vicente Risco, axudar á consolidación da cultura e a fortalecer as relacións de Galiza con Portugal e a lusofonía, a Fundación Vicente Risco (Allariz); os Concellos de Allariz, Castro Caldelas e Melide; a Deputación de Ourense; a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD) (Vila Real - Portugal), representada pola Escola de Ciéncias Humanas e Sociais (ECHS); as Universidades de Santiago (USC) e Vigo (UVIGO) e a Caixa Rural Galega presentan as bases do XXIX premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, cun valor, antes de impostos, de 6.000,00€ e de acordo ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Poderá participar no premio calquera persoa, sen distinción de idade ou nacionalidade, que presente os seus textos en lingua galega ou en lingua portuguesa. Os textos presentados deben ser totalmente anónimos, orixinais, non estar publicados nin traducidos en ningún tipo de formato, nin impreso nin dixital, e teñen que abordar investigacións referentes a Galiza e/ou ao Norte de Portugal, sempre do punto de vista das ciencias sociais (antropoloxía, arqueoloxía, socioloxía, historia, lingüística, xeografía, economía, turismo...). Os traballos de investigación deben ter unha extensión mínima de 125 páxinas e unha extensión máxima de 250, tamaño DIN-A 4 e escritos a espazo de 1,5, en letra Arial 12. Serán especialmente valorizados os textos que se adecúen aos usos habituais do ensaio. A data límite para a recepción de traballos será o **28 de febreiro de 2025**.

SEGUNDA. Os textos deberán ser entregados en soporte dixital (pdf) e remitidos a secretaria@fundacionvicenterisco.com. O texto do traballo científico será presentado contendo unicamente un título na súa capa e sen identificación da autoría, para a súa avaliación anónima polo xurado. Noutro documento, entregado tamén en soporte dixital (pdf) e remitido a secretaria@fundacionvicenterisco.com, será incluída a seguinte información: título do traballo, nome completo da autoría, Cartão de Cidadão (CC), pasaporte ou documento de identidade, domicilio, teléfono e correo electrónico, así como unha declaración xurada asinada polo/a autor/a en que declare a súa autoría e o carácter inédito do traballo. Os candidatos recibirán unha confirmación oficial da recepción do seu traballo.

TERCEIRA. O xurado do premio estará formado por oito membros, ligados ao campo da cultura e das ciencias sociais, que serán nomeados polas institucións organizadoras do premio. A secretaría do premio recaerá nun deses nove repre-

sentantes ou ben noutra persoa que designe a organización. Neste caso a secretaría non terá voz nin voto. O premio para o mellor traballo de investigación presentado será concedido por maioría de votos.

CUARTA. O nome das persoas que integrarán o xurado será divulgado na segunda quincena de maio de 2025.

QUINTA. A decisión do xurado, inapelábel, darase a coñecer no mes de xuño de 2025 e será divulgada nas redes sociais da Fundación Vicente Risco (twitter, facebook e instagram).

SEXTA. O premio, indivisíbel, poderá ser declarado deserto, no caso de o xurado así o considerar en decisión que será inapelábel.

SÉTIMA. A contía económica atribuída ao premio é considerada en calidade de pagamento dos dereitos de autoría, quen cede estes á Fundación Vicente Risco, sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os dereitos de edición da obra poderán ser realizados en calquera lingua, coa posibilidade de cesión de dereitos a terceiros. A persoa premiada, que recibirá de balde vinte e cinco exemplares da obra publicada en soporte papel, tamén autoriza que, transcorrido un ano desde a presentación do premio, a publicación estea accesíbel en descarga gratuíta e aberta desde a plataforma dixital que para tal efecto habilitará a institución organizadora do premio en www.fundacionvicenterisco.com

OITAVA. Os orixinais non premiados serán eliminados. A participación neste premio significa a aceptación de todas as cláusulas, así como das decisións do xurado.